

# ARBOREJARDIN, S.L.



**“Podiamos aportar os nosos coñecementos e unha calidade superior á que se estaba a ofrecer”**

*José Ramón González Pérez*

## Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Empresa de servicios de xardinería
<b>Sector de actividade</b>	Agricultura, gandería e pesca
<b>Nº empregados</b>	3
<b>Inversión inicial</b>	42.000 €
<b>Financiamento inicial:</b>	O investimento inicial foi financiado cun préstamo bancario
<b>Web:</b>	
<b>Municipio:</b>	Lugo, Lugo
<b>Ano creación:</b>	2003

## Descrición do proxecto

A nosa empresa dedícase á xestión integral de zonas verdes. En particular, ofrecemos os seguintes servizos:

- Deseño, execución e mantemento de xardíns e zonas verdes
- Fruicultura xeral e cirurxía arbórea
- Venda e instalación de sistemas de rego
- Control de pragas e enfermidades (aplicacións fitosanitarias e loita ecolóxica), tratamentos ecolóxicos e abonados
- Podas e talas



## Datos empresa

### Claves do éxito

Penso que unha das claves fundamentais é que o cliente quede sempre satisfeito co resultado do noso traballo. É a mellor ferramenta de publicidade e a única fórmula para fidelizalo. Por outra banda, na maioría dos casos, cunha pequena dose de esforzo adicional, pódese pasar de acadar un resultado mediocre a un traballo de calidade. Outra clave importante é a demanda, que describe unha traxectoria cada vez máis positiva.

### Situación actual

Fomos cualificados como Iniciativa Local de Emprego. Na actualidade estamos en fase de captación de mercado e consolidación da nosa carteira actual de clientes. Tratamos de planificar o futuro a medio prazo en base á diversificación dos nosos servizos e á oferta dun traballo especializado de calidade.

### Perfil cliente

Podemos dividir en dos grupos os nosos perfils de cliente, en función dos servizos que nos demandan. Por unha banda, o deseño de xardíns en obra nova está orientado fundamentalmente a establecementos hoteleiros e xardíns de particulares. Neste sentido, acometemos proxectos de moi diversa envergadura, dende xardíns pequenos a grandes obras con estanques de planta acuática, etc. Canto aos servizos de mantemento, están orientados basicamente a comunidades de propietarios.



## Idea inicial

A idea xurdiu polo coñecemento e a afinidade có sector como consecuencia das miñas experiencias profesionais. Eu e máis os meus socios detectamos que os servizos que se estaban ofrecendo, carecían dunha calidade mínima, e que fundamentalmente iso era debido á escaseza de persoal cualificado.

Esta foi a razón pola que decidimos crear esta empresa; podiamos ofrecer unha boa calidade no servizo, aportar os nosos coñecementos na materia e garantir un traballo serio, un compromiso de finalización de obras nun tempo reducido e un trato esmerado ao cliente.

O noso obxectivo é introducir na sociedade a cultura da xardinería artística e floral, porque mellora a calidade paisaxística do noso entorno, especialmente en zonas con carencias de luz, como é o caso de Galicia e o norte de España.

## Principales dificultades y amenazas futuras

Fundamentalmente, percibimos unha falla de coñecemento dos nosos clientes potenciais respecto das nosas técnicas e sistemas de traballo (que incorporan elementos innovadores). No entanto, esperamos que esta debilidade se poda emendar con información clara e rigorosa e con demostracións prácticas que contrasten a eficacia dos nosos métodos.

Unha posible ameaza sería a entrada de máis competidores de forma progresiva. En principio, non nos preocupa demasiado porque o crecemento deste mercado describe unha traxectoria bastante estable. E por último, destacar a competencia desleal no sector, que no fondo redúcese a unha cuestión de ética profesional.

## Perfil promotores

José Ramón González é técnico en Hortofruicultura e Xardinería e desenvolveu diversos traballos de investigación na materia a través da Universidade de Santiago de Compostela.

A empresa conta con outro socio máis.

## Aptitudes necesarias

Creemos que a seriedade é a aptitude máis importante.



## Guía de Actividad

**Empresas de servicios de xardinería** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

## Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta  
O reto que supón**

**Dirixir persoas e organizacións**

## Formación

**¿Recibiui información específica sobre a creación de empresas?**

Si, un Seminario de Planificación Empresarial do IGAPE e BIC GALICIA.

**¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?**

Si

## Anecdotalio

Non dispoñible

